



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO

E-mail: correo@boimorto.es

Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

Web: www.concellodeboimorto.es



REBECA VÁZQUEZ VÁZQUEZ SECRETARIA-INTERVENTORA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA).

CERTIFICO: Que a Alcaldesa con data catorce de maio de dous mil quince, ditou o Decreto que deseguido se transcribe literalmente:

<<**Decreto:** 202 / 2015 **Data decreto:** 14/05/2015 **Descrición decreto:** Rectificación erro decreto 184/2015 convocatoria e aprobación de bases para a selección de persoal laboral temporal cuadrilla de obras e servizos mínimos municipais, 1 oficial 2ª e 1 peón.

DONA ANA LEDO FERNANDEZ ALCALDESA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Visto o decreto 184/2015 sobre a convocatoria e aprobación de bases para a selección de persoal laboral temporal cuadrilla de obras e servizos mínimos municipais, 1 oficial 2ª e 1 peón existindo erros materiais no anexo I que non debería constar o texto “Baremo de méritos para valorar o concurso oposición praza de peón medio ambiente xornada parcial (20 horas semanais)”.

Tendo en conta o artigo 105 da Lei 30/1992 de 26 de novembro de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común que establece no seu apartado 2 “ Las Administraciones Públicas podrán asimismo, rectificar en calquera momento, de oficio o a instancia de los interesados, los errores materiales, de hecho o aritméticos existentes en sus actos”.

En aplicación do artigo 105 da Lei 30/1992 así como en uso das facultades outorgadas a esta Alcaldía polo artigo 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril de bases do réxime local, polo presente **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Rectificar no apartado indicado anteriormente o erro material do decreto 184/2015 suprimindo o texto “Baremo de méritos para valorar o concurso oposición praza de peón medio ambiente xornada parcial (20 horas semanais)” e substituílo por “Baremo de méritos para valorar o concurso oposición praza 1 oficial de 2ª e 1 peón xornada parcial (25 horas semanais)”..

SEGUNDO.- Desta rectificación dese publicidade no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web e emítase certificación para unir ao expediente da súa razón indicando que se mantén o prazo de presentación de instancias ata o día 22/05/2015 ás 14:00 horas.

Boimorto catorce de maio de dous mil quince

A Alcaldesa

Perante min:

A secretaria

Asdo.- Ana Ledo Fernandez

Asdo.- Rebeca Vázquez Vázquez>>

E para que conste onde proceda, expido a presente certificación, de orde co visto e praxe da Sra. Alcaldesa, en Boimorto a catorce de maio de dous mil quince.

Vº Rº
A Alcaldesa

Asdo.- Ana Ledo Fernandez